



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Febreiro de 2021

PROVINCIA DE A CORUÑA
FEBREIRO 2021

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	14.465	-82,9%	26.519	-82,5%	1,83	2,4%	10,03%	-22,14
PENSIÓNS	816	-91,2%	15.092	-56,8%	18,50	392,2%	11,46%	-8,51
ESTAB. HOTELEIROS	15.281	-83,7%	41.611	-77,7%	2,72	37,2%	10,51%	-18,35
APTOS. TURÍSTICOS	634	-74,3%	2.990	-47,2%	4,72	105,6%	13,08%	-2,68
TURISMO RURAL	35	-97,3%	330	-80,3%	9,43	623,3%	1,48%	-3,26
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	669	-82,2%	3.320	-54,7%	4,96	153,9%	-	-
TOTAL	15.950	-83,7%	44.931	-76,8%	2,82	42,0%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste segundo mes do ano. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 84% e o volume de noites un 77% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que este mes os establecementos regrados da provincia conseguiron manter apenas un cuarto da demanda rexistrada no mesmo período de 2020. Mantense a dinámica dos últimos meses.
- Obsérvase ademais un comportamento negativo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con caídas da demanda en todas elas aínda que con diversa intensidade. Descende o volume de noites un 78% nos establecementos hoteleiros –un 82% nos hoteis e un 57% nas pensións-, así como no segmento extrahoteleiro -un 80% en turismo rural e un 47% nos apartamentos turísticos, a modalidade que mellor resistiu os efectos negativos da crise neste mes-.
- O 93% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 59% nos hoteis e un 34% nas pensións-. O 7% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural. Esta distribución mantense estable nos últimos 3-4 meses.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado no sentido de que todos presentan caídas en termos interanuais pero difiren na intensidade. Así, o turismo interno descende un 62%, o receptor nacional un 82% e o internacional un 89% - porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- Por cuarto mes consecutivo o segmento de maior peso na provincia é o mercado interno. Representa en febreiro o 52% do total das noites hoteleiras. O turismo receptor nacional absorbe o 37% mentres que o 11% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende en todas as tipoloxías, con maior e notable intensidade nos hoteis.
- Incrementábase a estadía media neste mes, nun 42% en particular, para situarse en 2,8 noites –a segunda cifra máis elevada das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE LUGO
FEBREIRO 2021

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	4.464	-80,9%	8.106	-78,9%	1,82	10,5%	10,23%	-17,94
PENSIÓNS	633	-83,5%	3.121	-67,5%	4,93	97,0%	6,15%	-6,34
ESTAB. HOTELEIROS	5.097	-81,3%	11.226	-76,6%	2,20	24,8%	8,64%	-13,84
APTOS. TURÍSTICOS	291	-81,6%	4.628	-36,0%	15,90	247,2%	17,02%	-13,30
TURISMO RURAL	31	-96,8%	54	-96,3%	1,74	15,6%	0,26%	-4,96
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	322	-87,4%	4.682	-46,2%	14,54	326,8%	-	-
TOTAL	5.419	-81,8%	15.908	-71,9%	2,94	54,0%	-	-

- En liña coa tendencia xeral rexístrase neste mes de febreiro un descenso da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En concreto, cae a cifra de viaxeiros aloxados un 82% e o volume de noites un 72% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas en todas modalidades de aloxamento mais con diferenzas de intensidade. A demanda cae de forma moi acusada no ámbito hoteleiro –nun 79% nos hoteis e nun 67% nas pensións- e no segmento de turismo rural –nun 96% neste caso-. Marcan distancia os apartamentos turísticos por rexistrar un descenso de menor intensidade, do 36% neste caso –dato que ata semella positiva neste contexto-.
- O 71% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 51% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 29% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos quedando o dato residual nos establecementos de turismo rural –con apenas o 0,3% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento negativo dos tres grandes segmentos de mercado, pero cun patrón diferente ao observado con carácter xeral nas restantes provincias. Así, descende con maior intensidade o turismo de ámbito nacional –nun 79% o interno e nun 78% o que procede do resto do Estado- fronte ao internacional –que descende neste caso nun 56%-. Similar patrón se observaba tamén en xaneiro.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento negativo xeneralizado, con descensos en todas as modalidades. A caída achégase aos 18 puntos porcentuais nos hoteis e sitúase nos seis puntos nas pensións, nos cinco puntos en turismo rural e nos trece puntos nos apartamentos turísticos.
- A estadía media sobe tamén de forma notable neste mes –nun 54% en particular- para situarse en algo máis de 2,9 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE OURENSE
FEBREIRO 2021

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	5.566	-73,9%	9.752	-72,2%	1,75	6,5%	11,71%	-20,08
PENSIÓNS	1.178	-76,5%	3.685	-60,7%	3,13	66,7%	10,03%	-8,01
ESTAB. HOTELEIROS	6.744	-74,4%	13.436	-69,8%	1,99	17,9%	11,20%	-16,17
APTOS. TURÍSTICOS	-	-	-	-	-	-	-	-
TURISMO RURAL	87	-95,0%	163	-94,5%	1,87	9,9%	1,36%	-10,96
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	87	-96,9%	163	-97,1%	1,87	-6,9%	-	-
TOTAL	6.831	-76,6%	13.599	-72,9%	1,99	15,7%	-	-


- Ourense participa tamén da dinámica negativa deste mes e rexistra caídas importantes da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 77% e o volume de noites nun 73% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda afecta a todas as modalidades de aloxamento con similar intensidade. Descende o número de noites un 94% nos establecementos de turismo rural, un 72% nos hoteis e nun 61% nas pensións. Neste mes, por problemas de mostra, o INE non ofrece datos para os apartamentos turísticos.
- Preto do 99% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 72% nos hoteis e un 27% nas pensións-. O 1% restante corresponde ao segmento de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes descende o turismo de ámbito nacional en máis dun 60% -un 68% o interno e un 64% o que procede do resto do Estado- e o internacional nun 89% -porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –absorbe case a metade das noites hoteleiras da provincia-. O turismo receptor nacional representa o 46% mentres que o 5% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades pero con maior intensidade nos hoteis –en 20 puntos- fronte ás pensións e aos establecementos de turismo rural –que rexistran un descenso de oito e once puntos, respectivamente-.
- A estadía media sobe neste mes –un 16% en particular- situándose en dúas noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
FEBREIRO 2021

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	11.986	-78,6%	26.360	-73,7%	2,20	23,3%	12,93%	-16,51
PENSIÓNS	1.480	-55,9%	5.298	-51,4%	3,58	10,3%	11,56%	-2,72
ESTAB. HOTELEIROS	13.466	-77,4%	31.658	-71,5%	2,35	26,0%	12,68%	-13,97
APTOS. TURÍSTICOS	157	-77,5%	1.023	-47,5%	6,52	133,9%	3,17%	-4,89
TURISMO RURAL	137	-90,3%	213	-89,8%	1,55	5,4%	1,00%	-4,26
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	294	-86,1%	1.236	-69,3%	4,20	120,3%	-	-
TOTAL	13.760	-77,7%	32.894	-71,4%	2,39	28,0%	-	-

- Comportamento tamén negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste mes de febreiro. Obsérvase neste sentido unha dinámica parella á das restantes provincias, cun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 78% así como do volume de noites –do 71% neste caso-. Significa isto que os establecementos regrados de Pontevedra rexistraron neste mes algo máis da cuarta parte da demanda de febreiro de 2020.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con intensidade variable. Os descensos máis acusados localízanse nos hoteis e nos establecementos de turismo rural –con caídas do 74% e 90% respectivamente-. Nas pensións o descenso sitúase no 51% mentres que nos apartamentos turísticos baixa ao 47% interanual.
- O 96% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 80%- e ás pensións –co 16%-. O 4% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos, quedando unha cifra moi residual para o segmento de turismo rural.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento igualmente negativo, con caídas de notable intensidade. Neste mes é o turismo receptor o que presenta a caída máis notoria, do 76% aquel que procede do resto do Estado e do 77% o internacional. O mercado interno descende nun 65% en relación ao pasado ano.
- Os niveis de ocupación descenden tamén de forma importante pero variable. Neste caso son os hoteis os que presentan a caída máis notoria, por encima dos 16 puntos porcentuais. As restantes tres modalidades rexistran descensos máis suaves, de case tres puntos nas pensións, de algo máis de catro puntos nos establecementos de turismo rural e de case cinco puntos nos apartamentos turísticos.
- Incrementábase de forma importante a estadía media –nun 28% en particular- situándose en 2,4 noites.

Reparto da demanda turística regrada. Noites febreiro 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites febreiro 21/20

